

Barbanza-Muros-Noia

BARBANCESES NO SEU RINCÓN | AURORA MARCO LÓPEZ

«Agora todo é especulación, hai moi pouco respecto pola paisaxe e a arquitectura galega»

As amizades da época de estudante e o amor axudaron a que as terras da ría noieira engaiolaran á investigadora e escritora

QUEN É

Nome: Aurora Marco López
Idade: 63 anos
Profesión: Católica de Diáscora da Unga e da Literatura na Facultade de Ciencias da Educación de Santiago. Elizo como recanto do Son a miña casa de Mifortos porque «para min é o silencio, a tranquilidade, a beleza dunha paisaxe única e o mar»

Sara Aires

NOna | Naceu hai 60 anos en Negreira de Albuernacín, en Terael, porque a súa nai, que era natural de Ordes, estaba destinada ali de mestra, pero a moerriña tiraba moito e quixo que a familia regresara a Galicia cando a Incombustible Aurora Marco tifa cumpridos xa os nove anos. «O único que escoitaba daquela na miña casa era o gallego, e desde entón pasou a ser a miña lingua», asegura a profesora e escritora, comprometida de sempre cos dignificación das mulleres que marcaron a historia de Galicia.

As amizades da etapa estudiantil primeiro, e o amor despois, tornaron de lá cara Barbanza. Boto raíces en Noia, e desde o '95, o seu paraíso chámase Mifortos, no municipio sonense, onde posúe unha casa desde a cal a ría de Noia non ten segredos para ela, e é o que fize sempre que o seu traballo como docente na Universidade compostelá e as súas investigacións e traballos literarios llo permitían.

«Toda a miña vida soñei con

ter unha casa cunha boeira; para min Mifortos representa a tranquilidade, o silencio que me permite desconectar do ruído de Santiago; a beleza da paisaxe, porque é única; o mar, que para min é como un sedante que me relaxa moito; é o lugar ideal para traballar, para escribir», enumera Aurora.

Etapas de xuventude

A escritora, moi ligada desde hai anos ao mundo da cultura barbancesa, estudou no Instituto Rosalía de Castro de Santiago e non se esquece da pegada que deixaron na súa vida profesores da calidade humana e intelectual de Antón Fraguas e Gonzalo Anaya. «Eran un oasis no medio do deserto», di ao lembrarse daqueles anos nos que os labores do fogar, a educación política e a relixión deixaban pouca marxe de manobra nas aulas.

No 63, Aurora Marco empezou a visitar Noia con frecuencia porque «en cuarto de bacharelato fíxemos amiga de Amparo Díez

Fornas, e víaa á súa casa, saíamos con Maxi, Poncho, Lola, Alfonso... E as praias das Gavioas e de Boa resultábanme absolutamente familiares».

Foi tamén na residencia desa amiga onde coñeceu á súa media costela, Xosé Luís Ces, e en setembro cumprían 35 anos de casados. «Primeiro presentáronme na casa de Amparo, e logo vivímonos atopar con el nunhas festas do Apóstolo en Santiago, daquela eu xa non era unha cativa e xurdíu o amor», recorda.

No verán de 1980, Aurora e o seu home coincidiron un día en Taragona con Antón Avilés, que regresara uns meses antes de Colombia, e con Miguel Iglesias. Desde entón, a autora trabou amizade co poeta de Taramancos, do que hai uns anos chegou a escribir unha biografía.

No caso vello

«O primeiro e o último sitio no que parábitmos cando saíamos da casa de Noia en verán era

«Gustaríame facer unha viaxe moi longa e coñecer países nos que nunca estiven, é un soño»

Cando se lle pregunta a Aurora Marco polas súas ilusións e desexos, o seu pensamento levántase a pedir saúde para a súa familia, ver crecer ao seu único neto, Xabier, ao que define como un ser entrañable, caro

unhas alegrías enormes; paz no mundo, e sobre todo liberdade.

Na lista de cousas pendentes de realizar na vida, menciona unhas: «Gustaríame facer unha viaxe moi longa e coñecer países nos que nunca estiven,

é un soño; coñecer seis meses ou un ano sabático e dedicarme a ler, pensar, escribir músicas. Cando se xabibe, ten días que a súa estación final chámase Mifortos, «a miña vida social e cultural está aquí», asegura.



Desde a súa casa de Mifortos, Marco divisa toda a ría de Noia (nerea) aos

na Tasca Tipica, sentábitmos nunha mesa de pedra con Avilés e unha botella de viño e falábamos moitísimo; propiciárame que el, Agreló e máis eu fíxéramos unha colección de cen libros para a escola, pero morreu e xa non chegou a facerse nunca», di.

O lume do seu interese polo protagonista das Letras Galegas do 2003 segue acendido ata o punto de que vai dirixir este verán un curso universitario en Noia dedicado á súa obra e figura, ten pendente de publicar nuns meses unha ruta literaria sobre el, e anda ás vol-

tas, sen moita sorte de momento, para tratar de editar un conxunto inédito de Avilés escrito nos anos cincuenta.

Desde que comezou a vir a Barbanza, no 63, ata agora, as postais cambiaron moito. «En Noia continuou a desfeita urbanística, o do Son nos últimos anos foi unha auténtica calamidade. Portosín era unha pequena vila marifeira, preciosa; e agora todo é especulación, hai moi pouco respecto pola paisaxe e pola arquitectura galega», asegura convencida.

Sorte que conta cunha atalaia privilexiada sobre a ría.